A AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE ORGANIZA A REUNIÓN DE LANZAMENTO DO PROXECTO TRANSFIRESAÚDE NO MARCO DO PROGRAMA POCTEP

- *O proxecto impulsará a integración do ecosistema de I+i en saúde eurorrexional para a adopción de solucións avanzadas no marco do envellecemento activo e saudable.*
- *Este novo paradigma aproveitará o potencial da cooperación para acadar o ecosistema de innovación, científico e tecnolóxico, potenciando a creación de redes de cooperación territorial.*

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023.- O día 7 de novembro tivo lugar nas dependencias da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) a primeira reunión do Comité de Seguimento do proxecto TRANSFIRESAÚDE de forma presencial e telemática.

O proxecto TRANSFIRESAÚDE está composta por diferentes entidades que representan á Eurorrexión de Galicia – Norte de Portugal. O Comité de Seguimento estivo conformado polas seguintes institucións:

- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)- Coordinador do proxecto
- Universidade de Vigo
- Centro de Investigación en Tecnoloxías de Innovación (CITIUS)
- Agrupación Europea de Cooperación Territorial Eurocidade Chaves-Verín
- i3S-Instituto de Investigação e Inovação em Saúde da Universidade do Porto
- Centro Clínico Académico-Braga, Associação (2CA-Braga)
- ACMP5 - Associação Centro de Medicina P5
- INESC TEC - Instituto de Engenharia de Sistemas e Computadores, Tecnologia e Ciência

ACIS e os socios asistentes iniciaron unha primeira toma de contacto, analizando principalmente as condicións normativas, contractuais e orzamentarias do proxecto, xunto coa análise das actividades e prazos de execución previstos que corresponden a cada un dos participantes.

Desta forma, fixáronse as principais liñas de actuación a seguir, ademais de aproximar datas para as seguintes reunións de seguimento co obxectivo de impulsar e reforzar a innovación no eido da intelixencia artificial para abordar o envellecemento activo e saudable, en especial, en materia da atención primaria para a Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

CONTIDOS RELACIONADOS

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde lidera o novo programa eurorexional TRANSFIRESAÚDE para o fomento da innovación e transferencia de resultados da investigación biomédica